



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS E O CONCELLO DE ORDES PARA A COORDINACIÓN DA EXECUCIÓN DA OBRA "MELLORA DO FIRME NO VIAL PRINCIPAL DO POLÍGONO DE MERELLE, AC-408"

1. Antecedentes

A Axencia Galega de Infraestruturas ten entre os seus obxectivos a mellora da rede viaria de Galicia, de xeito que se proporcione ás persoas usuarias da rede, tamén os peóns que as transitan, unhas condicións de condución cómodas e seguras, mellorando os déficits na seguridade viaria e facilitando o acceso aos distintos equipamentos na procura e no fomento dun desenvolvemento harmónico.

2. Razóns de necesidade e oportunidade

O treito final da estrada AC-408 é especialmente relevante para o concello de Ordes porque dálle servizo directo ao parque empresarial e ademais constitúe o viario que permite desviar do casco urbano de Ordes o tráfico entre a estrada nacional N-550 e a AP-9.

A renovación do firme do vial principal do polígono de Merelle AC-408 entre os pp qq 2+130 e 2+580 (enlace coa N-550) é unha prioridade para o concello de Ordes. Dito treito, con numerosas fisuras e deformación no pavimento, xera un entorno perigoso para a seguridade viaria tendo en conta que o tráfico é preferentemente de vehículos pesados.

3. - Xustificación do convenio

O convenio artella as obrigas das partes para acadar a coordinación da execución e explotación das obras realizadas ao abeiro do proxecto "mellora do firme no vial principal do polígono de merelle, AC-408"

O concello comprométese a asumir o custe das obras por consideralas necesarias e urxentes e entregalas unha vez finalizadas á AXI.



E a Axencia Galega de Infraestruturas comprométese a poñer a disposición do concello o treito necesario do vial AC-480, de titularidade autonómica, para a execución destas así como a recepcións e mantelas.

4.- Carácter non contractual

O citado convenio é un acordo baseado nos intereses das partes que xera efectos xurídicos entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Ordes e que non ten ánimo de lucro nin contido contractual.

5.- Adaptación á Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público

O contido do convenio adáptase ao establecido no Título Preliminar, Capítulo VI, artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O director da Axencia Galega de Infraestruturas

Francisco Menéndez Iglesias

